

MANCOMUNIDADE
INTERMUNICIPAL
DO
“BAIXO MIÑO”

RESOLUCION PRESIDENCIA DA MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO BAIXO MIÑO

ASUNTO: MEDIDAS A ADOPTAR NOS CENTROS DE TRABALLO DA MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DO BAIZO MIÑO CON MOTIVO DO COVID-19 E OUTROS RESOLUCIONS RESPECTO DO FUNCINAMENTO DA CITADA ENTIDADE LOCAL

A Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 a pandemia internacional.

A rapidez na evolución dos feitos, a escala nacional e internacional, require a adopción de medidas inmediatas e eficaces para fazer fronte a esta conxuntura.

É por iso, que con data 14 de marzo, procedeuse a publicar no BOE, o [Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.](#)

Igualmente A Federación Galega de Municipios e Provincias en vista da actual situación de estado de alarma que impera desde esta mesma madrugada no Estado español, vén de recoller nun documento que partillou publicamente un conxunto de “instrucións” para os concellos galegos co gallo de facilitar determinados trámites e/ou competencias das entidades locais dentro das que está integrada a MANCOMUNIDADE INTERMUNCIPAL DO BAIXO MIÑO

Visto canto antecede e de conformidade cos artigos 55 e 56 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral e o artigo 21.1.s da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:


PRIMEIRA . Atención ao público.

Nos servizos de atención ao público priorizarase a atención telefónica e telemática. Para o caso de atención presencial, estableceranse, se fose necesario, as quendas imprescindibles para garantir a prestación do servizo.

SEGUNDA. As presentes medidas de carácter organizativo, ditadas ao amparo das competencias en materia de función pública, terán o carácter temporal que determinen as indicacións das autoridades competentes e adóptanse de conformidade co disposto nos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

TERCEIRA. As previsións contempladas na presente Resolución establecense sen prexuízo da suxección de todo o persoal ás necesidades do servizo e da súa disposición, cando se lles requira, para a prestación dos servizos públicos encomendados ás entidades locais

CUARTA



Na medida do posible evitaranse as reunións de traballo, dispónense en todo caso a suspensión daquelas que impliquen desprazamentos a outra localidade. Así mesmo fomentarase o uso da videoconferencia.

Aplazanse en doso caso AS XUNTAS DE GOBERNO DESTA MIBM que se vengan celebrando co carácter periodico salvo aquellas que se convoquen como consecuencia do estado de alarma anteriormente referido

QUINTA. Cursos e actividades formativas.

As unidades responsables da organización de cursos e actividades formativas de carácter presencial posporán os mesmos, valorándose a utilización de medios telemáticos como alternativa, cando iso resulte posible.

SEXTA . Probas selectivas.

QUEDA SUPENDIDA A CONVOCATORIA PARA A SELECCION DUN CONDUCTOR que a MIBM estaba levando a cabo, en concreto o referido á resolucion definitiva de admitidos e excluidos , publicacion da baremacion dos méritos por parte do tribunal constituido ao efecto e data lugar e hora das probas de seleccion permanecendo en vigor o resto dos trámites anteriores á presente resolución con especial fincapé no prazo de presentacion de isntancias que en todo caso se da por rematados

SEPTIMA . Modalidades non presenciais de traballo.

En supostos debidamente xustificados permitirse modalidades non presenciais de traballo, previa autorización desta presidencia

Novena. Efectos.

A presente Resolución producirá efectos desde o momento da súa firma.

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte instrución de carácter obligatoria.

Tomiño 16 de marzo de 2020.

Asinado dixitalmente.

ASDO ANTONIO LOMBA BAZ

